

Divulgare volve ao mar para mellorar a resposta fronte a vertidos químicos



Posted by [Antonio Albaladejo](#) on Abr 18th, 2016 y archivado abajo [Ciencia y Tecnología](#). Puedes seguir cualquier respuesta a esta entrada en el [RSS 2.0](#).
 Puedes dejar una respuesta o trackback a esta entrada



O grupo de investigación **Divulgare volve a implicarse nun proxecto europeo de loita contra os vertidos marítimos accidentais**, desta volta de substancias químicas. Tras a experiencia acumulada nos proxectos Arcopol, para a planificación, adestramento e resposta contra vertidos de hidrocarburos, os científicos universitarios inician agora unha nova andaina no **proxecto Mariner** (Enhancing HNS preparedness



ARCHIVADO POR ETIQUETAS

abel Abel Caballero actualidad de vigo actualidade de vigo actualidad vigo agenda de vigo avel caballero Caixa Galicia caixanova cajas Concello culos España Feijóo fusión Galicia información de Vigo manifestación noticias de vigo noticias de Vigo al minuto noticia

through training and exercising) que, **coordinado polo Cetmar, se desenvolverá ata decembro de 2017.**

O seu obxectivo é **mellorar a capacidade de resposta ante vertidos químicos mediante o desenvolvemento de plans de adestramento e resposta coordinados entre distintas rexións** da Europa atlántica, como Reino Unido, Francia, España e Portugal. Trátase de mellorar a cooperación rexional na planificación, preparación e resposta a derrames de substancias nocivas e potencialmente perigosas (SNPP), formando e sensibilizando e potenciando a transferencia dos resultados de I+D.

Co-financiado pola Comisión Europea a través da Dirección Xeral de Axuda Humanitaria e Protección Civil, xunto co Cetmar e a Universidade de Vigo, están implicados neste proxecto o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar); o Servizo de Gardacostas de Galicia; o Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental (Ciimar) da Universidade de Porto; o Centre de Documentation, de Recherche et d'Expérimentations sur les Pollutions Accidentelles des Eaux (Cedre) de Francia; a compañía lusa Action Modulers e Public Health England (PHE).



2.000 substancias químicas transportadas por mar

O profesor Luis Navarro, coordinador de Divulgare, explica que despois de traballar durante varios anos coa serie de proxectos Arcopol, centrados nos vertidos accidentais de hidrocarburos, “démonos conta de que a **preparación para a loita contra os vertidos químicos está moito peor definida que a loita contra**

vertidos de petróleo”. O científico remarca que as verteduras químicas teñen “unha gran complexidade”, dado que hai **máis de 2.000 substancias químicas diferentes encadradas nesta categoría que son transportadas polo mar**. Lembra que “o transporte destas substancias creceu dun xeito importante nos últimos anos” e por exemplo en 2015 foron máis de 215 millóns de toneladas de HNS as que se transportaron por mar e, **entre 1987 e 2006, houbo máis de 100 accidentes con carga deste tipo en augas europeas**. O incremento do transporte deste tipo de

vigo noticias vigo novacaixagalicia
novas de Vigo Policía Local Policía
Nacional Pontevedra pp psoe sergas
sexo sucesos vigoalminuto tetas tu
periódico digital vigo Universidade
de Vigo Vigo al día vigo al
minuto vigoalminuto
vigoalminuto.com Vigo última hora
Vigoúltimahora
www.vigoalminuto.com Xunta
Última hora de Vigo

ENTRADAS RECIENTES


- Este viernes, a la venta las entradas, a precios de entre 5 y 10€, para los conciertos de verano en Castrelos
- @carmelasilva pecha a edición da Escola María Vinyals comprometéndose a poñer en marcha un encontro estatal, en Soutomaior, de todas as escolas de igualdade do país
- O Consorcio do Casco Vello compra un solar de 231 metros cadrados de Elduayen para crear no mesmo vivendas de protección
- Teixugueiras, en Navia, es la calle de Vigo en la que más ha subido el precio de la vivienda
- @policia detiene a dos individuos y erradica un punto de venta de drogas en el parque Camilo José Cela
- Todo preparado para la disputa, el domingo, del 'Enduro Vigo Bike Contest', XIX Trofeo Cidade de Vigo de mountain bike
- Del Reino Unido a Compostela: el viaje de Pili y Tibor para colaborar con una residencia para personas con enfermedades en fase terminal
- A familia do dictador Francisco Franco pide 13 anos de cadea para os militantes do BNG que despregaron varias pancartas no Pazo de Meirás

produtos aumenta tamén o risco de accidentes mariños, co problema engadido de que cada tipo de sustancia precisa dun protocolo de combate específico.

O papel de Divulgare

O principal obxectivo do proxecto é **establecer protocolos de combate para os principais tipos de substancias e dar formación aos responsables e implicados** na loita contra os vertidos no mar. A participación do grupo vigués, como explican os investigadores, céntrase en dous aspectos fundamentais. Por unha banda **achegarán os seus coñecementos sobre os danos ambientais** que poden provocar este tipo de vertidos e para a identificación das mellores prácticas ambientais na loita contra as verteduras. A segunda liña de actuación de Divulgare será a **divulgación, creando e difundindo vídeos curtos dos resultados que se vaian obtendo no proxecto**, e elaborando material audiovisual e gráfico que se utilizará nos cursos en liña que se van preparar ao abeiro do proxecto, continuando co traballo realizado ao abeiro dos proxectos Arcopol.

Be Sociable, Share!



- @galizaCIG asegura que a folga nas ambulancias volve rexistrar un “amplo seguimento” no seu terceiro día
- El Tribunal de Cuentas abre procedimiento sancionador contra Ciudadanos



DEJA UNA RESPUESTA

Nombre (imprescindible)
 Mail (no ser publicado) (imprescindible)
 Sitio web